

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE
SE PUBLICA A LISTAXE PROVISORIA
DE SOLICITUDES ADMITIDAS E
EXCLUÍDAS DAS AXUDAS DE
INVESTIGACIÓN DA CÁTEDRA
FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO.**

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade, e segundo o establecido na Resolución Reitoral do 28 de xuño de 2023, pola que se procede á convocatoria de axudas de Investigación da Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

A publicación da listaxe provisoria de solicitudes admitidas:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ESTADO
DONAS DO ESPAZO: estudo exploratorio do hábitat igualitario da cidade de Pontevedra	Aceptada
Usos das tecnoloxías dixitais para a promoción da saúde: adaptación do cuestionario SaludDigitalEdu á poboación adolescente galega (SaludDigitalEdu_Gal)	Aceptada
Toxicidade e violencias machistas nas redes sociais. Estudo cualitativo entre o alumnado da Universidade de Vigo	Aceptada
A outra cara da edición feminina en Galicia: Ilustradoras, maquetadoras e tradutoras no século XXI	Aceptada
Guía operativa para incorporar a perspectiva de xénero á investigación no ámbito tecnolóxico-industrial	Aceptada
Deseño de APP Móbil. Mellora na atención e coordinación en violencia de xénero MAX APP.	Aceptada

As persoas interesadas poderán emendar os erros ou a falta de documentación no prazo de tres días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación, nos rexistros da Universidade, dirixidos á Unidade de Igualdade.

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger